

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS TERRA DE CELANOVA

*CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS CON ENTREVISTA, DE CHOFER DE RECOLLIDA DE RESIDUOS/ROZADOIRA, PEÓN/PEOA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS/ROZADOIRA, AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, BOMBEIRO/A CONDUTOR/A E OPERARIO/A DE LIMPEZA DE EDIFICIOS*

Mediante a Resolución da Presidencia núm. 2024-0281, do 25 de abril, aprobáronse as bases que rexen a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal, mediante concurso de méritos con entrevista, e a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de chofer de recollida de residuos/rozadoira, peón/peoa de recollida de residuos/rozadoira, auxiliar de axuda no fogar, bombeiro/a condutor/a e operario/a de limpeza de edificios para posibles substitucións por motivo de vacantes, substitucións transitorias de baixas, licenzas regulamentarias, execución de programas de carácter temporal, exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, etc. (non se inclúen as contratacións subvencionadas por outras AAPP), mediante o sistema de concurso de méritos con entrevista, cunha vixencia de tres anos desde o día seguinte á súa aprobación.

Os/as interesados/as poderán presentar a solicitude no Rexistro Xeral da Mancomunidade ou a través de calquera dos medios que recolle a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 16, no prazo de dez (10) días hábiles que contarán desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria están publicadas no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal ([www.terradecelanova.es](http://www.terradecelanova.es)) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Mancomunidade Terra de Celanova (<https://terradecelanova.sedelectronica.gal>).

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan, de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica desta mancomunidade e no taboleiro de anuncios.

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes que contará desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Presidencia desta mancomunidade, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses que contarán desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Celanova, 26 de abril de 2024. O presidente.

Asdo.: Jaime Sousa Seara.

**R. 1.126**

